

## OS CRUCEIROS DE CAPELA II. CONCELLO DE SANTA UXÍA DA RIBEIRA

por  
CLODIO GONZALEZ PEREZ

Seguindo coa catalogación dos cruceiros de capela ou capeliña que hai en Galicia, e despois de ter rematado cos do concello de Rois, pasamos ós do de Santa Uxía da Ribeira <sup>1</sup>.

Como se di ó comezo do primeiro capítulo, estes cruceiros diferéncianse dos outros non só pola forma, senón porque a área xeográfica é moi reducida, pertencente á provincia da Coruña, e delimitada polas rías de Arousa e Noia, e polos concellos de Brión, Ames, Rois e Dodro.

O seu número é pequeno, insignificante se o comparamos co dos cruceiros de varal, que se erguen por toda a nosa xeografía.

No remate da serie daranse as conclusións ás que cheguemos despois de coñecer todos estes monumentos relixiosos, así como a área xeográfica exacta, a denominación que reciben en cada zona, a cronoloxía, etc.

---

<sup>1</sup> C. GONZALEZ PEREZ: *Os cruceiros de capela, I. Concello de Rois*, **Cuadernos de Estudios Gallegos**, núms. 103 (1989) e 104 (1990).

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

## CRUCEIROS DO CONCELLO DE RIBEIRA

### I) Situación

O concello de Santa Uxía da Ribeira áchase no extremo occidental da península do Barbanza, bañado polas augas da ría de Arousa e polas do océano Atlántico. Linda cos do Porto do Son e a Pobra do Caramiñal.

O seu territorio (64 km<sup>2</sup>), está habitado segundo o censo de 1986, por 23.703 persoas, o que fai que sexa un dos de maior densidade de poboación da provincia, só superado por oito (Betanzos, A Coruña, Fene, Ferrol, Narón, Noia, Oleiros e Santiago de Compostela). Conta con nove parroquias: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira.

Anque a pesca ocupa a un grande número de veciños (Ribeira é un dos primeiros portos de baixura de España), ultimamente aínda a superaba a agricultura-gandería, de carácter tradicional e minifundista.

No relixioso pertence á diocese católica de Santiago de Compostela, e dentro dela ó histórico arciprestádego de Posmarcos de Abaixo.

### II) Os cruceiros

Sobre os deste concello fixeron un interesante estudo Rosa Martínez e Xosé María Torres Reino, presentado como comunicación no **IV Coloquio galaico-miñoto**, celebrado en Lugo entre os días 24 ó 27 de setembro de 1990. Nós fixemos o traballo de campo moito antes da súa publicación, mesmo da dos resúmenes das comunicacións, en 1990<sup>2</sup>.

En todo o concello contabilizamos 31 cruceiros, dos que seis son de capela ou capeliña, pero dun deles actualmente non queda máis que a cruz. Representan o 19'35%, superior ó do concello de Rois, 16'36%. Isto polo que se refire á relación cantidade-tipo, pois en Rois hai 18, mentres que en Ribeira non máis de seis.


Estes son os que existen actualmente, pois é de supoñer que houbera máis, que se perderon por destrución ou por ser trocados por outros de varal.

A diferenza do constatado no concello de Rois, en que ámbolos dous tipos conviviron durante séculos, é dicir, que o mesmo canteiro tanto labraba

---

<sup>2</sup> *Cruces, cruceiros e petos de ánimas do concello de Ribeira, IV coloquio galaico-miñoto. Resúmenes das comunicacións presentadas*, t. II, Lugo, 24/27-IX-1990, pp. 27 a 31.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



un de varal coma un de capela, aquí, en Ribeira, tendo en conta os que actualmente se conservan non parece que fose así, senón que os máis antigos son os de capela, sendo posteriores os de varal. Destes últimos, o máis vello que rexistramos data do ano 1788 (o de Olveira de Arriba), o que os sitúa moi por debaixo na escala cronolóxica. A única excepción poidera se-lo de capela denominado de Santa Clara, no lugar do Deán Grande, de non doada datación, que quizais sexa do século XVIII ou mesmo do XIX (a cruz é máis recente).

A situación por parroquias é como segue:

Aguiño: un de varal, moderno.

Artes: dous de varal. No lugar da Gándara houbo un que agora non existe. O máis moderno data de 1986 e ten -caso único entre os deste concello- a inscrición en galego:

VEN SEÑOR XESUS  
A MEMORIA DOS NÓS PAIS  
SANTA NAI DE DEUS PREGA POR NOS  
FIXOSE NO ANO 1986 SENDO ABADE DA PARROQUIA  
XULIO C. GIRON ASTRAY.

Carreira: dous de varal.

Castiñeiras: un de varal.

Corrubedo: tres de varal, algún moi recente, coma o do cemiterio.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

Oleiros: dous de varal. A parte superior dun deles procede dun de capela.

Olveira: seis, dos que dous son de capela.

Palmeira: cinco de varal.

Ribeira: oito, dos que tres son de capeliña.

O estado actual de conservación en xeral é bo. Cada vez as autoridades municipais amosan máis interese por estes sinxelos monumentos. E o mesmo cómpre dicir dos veciños e dos párrocos. Polo de agora, os cinco de capeliña consérvanse íntegros, non lles faltando ningún elemento importante (sobre todo a imaxe da Virxe, que segue sendo unha peza moi cobizada polos anticuarios). O costume xeralizado neste concello de poñerlle unha portiña á capela, aínda que non evita o roubo, si lle dá máis seguridade. Ultimamente estas portas están sendo trocadas por outras de aluminio ou mesmo ferro.

## PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE OLEIROS

### 1) CRUCEIRO DO CRUCEIRO

**Situación:** Nunha encrucillada do lugar do Cruceiro, preto do colexio de monxas.

**Descripción:** Para os que estamos afeitos a estudar estes cruceiros, unha ollada abonda para decatarse de que se trata dunha obra formada por pezas de diferentes épocas, que non encaixan ben entre si.

O basamento é moderno, feito ó ser trocado de emprazamento por mor de que non fose atranco para o tráfico rodado. Segue a basa e a columna ou varal, toscamente traballados. Na parte superior ten o sitio para encaixa-lo capitel, que actualmente non se conserva.

O elemento que nos interesa é a cruz. Non hai dúbida que provén dun de capela, procedencia que queda patente tanto polo grandor, como polo hieratismo da figura, e mesmo por carecer de imaxe por detrás. A cruz é de sección cadrangular coas arestas algo chanfradas, destacando polo seu labor os remates dos brazos, que lembran -gardando as distancias- os dalgúns cruceiros góticos, o que amosa a súa antigüidade.

A figura de Cristo é artisticamente pobre e segue a forma da cruz. Case non se lle aprecia a coroa de espiñas, pero si o cabelo. As faccións están erosionadas, pero aínda así e todo nótanselle a barba e, en particular, o bigote. Pobres tamén son os rasgos do peito e dos brazos. Cúbrese con pano de pureza moi axustado no fronte. Non conta con ningunha parte do corpo exenta, estando totalmente apegado á cruz, suxeito por tres cravos, como é

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



Lám. I: Cruceiro do Cruceiro.

tradicional co pé dereito sobre o esquerdo (Lám. I).

**Historia:** O pouco que se conserva non permite moitas conxeturas sobre a súa posible cronoloxía. Quizais sexa o máis antigo do concello, datable na segunda metade do século XVI, tirando máis cara ó terceiro cuarto que cara ó último.

**Tradicións:** Nada poidemos achegar sobre este cruceiro, a non ser que antes paraban cos defuntos ó pasar de par del. Non hai dúbida que foi un de capela quen lle deu nome ó lugar: o Cruceiro.

## PARROQUIA DE SANTA MARIA DE OLVEIRA

### 2) CRUCEIRO DE ESPIÑEIRIDO

**Situación:** Nunha encrucillada que hai á entrada da aldea de Espiñeirido, formada por antigos camiños agora transformados en pistas. O fronte

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



Lám. II: Cruceiro de Espiñeirido.

dá cara ós que veñen de Olveira, Corrubedo, etc.

**Descripción:** O basamento está formado por dous banzos de maior a menor, sobre os que descansa a baixa basa do fuste, oitavado e formado por varios bloques de pedra. Da mesma altura que a basa é o capitel (Lám. II).

A capela é de bo ver: alta e rematada co teito piramidal de catro lados polo exterior, e por dentro aveneirado, semellando unha cuncha. Na fornela áchase unha imaxe da Virxe que os veciños coñecen por **A Madre dos Remedios**. En liñas xerais, iconograficamente é semellante ás demais imaxes marianas propias destes cruceiros: veo longo que lle chega deica os ombreiros, sobre o que se apoia a coroa, non moi alta. Coa man esquerda colle o Neno Xesús que olla cara a ela, con un libro aberto nas mans. Na dereita ten unha mazá que mostra ó Fillo.

Sobre a capela está a cruz, coa figura de Xesucristo bastante expresiva, coa cabeza caída cara á dereita, e a coroa de espiñas ben marcada, o mesmo que os elementais rasgos anatómicos. O pano de pureza anóase á esquerda. Por detrás da cabeza ten nimbo circular. O corpo, que non é exento en nin-

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



Lám. III: Cruceiro de Espiñeirido (Capela).

gunha parte, suxéitase á cruz por tres cravos, co pé dereito sobre o esquerdo. A sección da cruz é cadrangular coas arestas rebaixadas e traballadas, rematando os cantos dos brazos con un florón de catro pétalos e botón no medio. O conxunto coróase coa cartela do INRI, apergamiñada (Lám. III).

O monumento non é moi alto, pois non mide máis de 4'12 m. contando tamén o basamento.

Igual que os máis dos nosos cruceiros -de varal e de capela-, antigamente estaba policromado, quedándolle aínda algúns restos de pintura.

A porta moderna con vidro réstalle beleza non só á capela, senón a todo o conxunto. Nunha visita posterior comprobamos como parte fora arrincada por un vendaval. Segundo dixo un veciño, tiñan encargada unha de aluminio.

**Historia:** Carece de inscrición, polo que non é doado atribuírle unha data fiable. Tendo en conta as semellanzas que hai con outros, en particular co que resta do de Teaño (Boiro), e partindo da base de que a feitura deste está ben documentada en 1589, coidamos que se pode situa-la súa labra a finais do XVI ou no primeiro cuarto do século seguinte.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

Non se sabe quen o mandaría facer, nin tampouco ningunha familia da zona di ser da súa propiedade.

**Tradicións:** A devoción que os veciños senten pola Nosa Señora dos Remedios ou **A Madre dos Remedios**, amósase no feito de que aínda actualmente conserva o faroliño para lle alumear. Agora xa non lle ofrecen aceite como antano, senón velóns ou cirios, que nunca lle faltan.

E avogosa de tódalas enfermidades, pero en especial *das dos osos*. Foi parada obrigada para os defuntos de Espiñeirido.

### 3) CRUCEIRO DO VISO

**Situación:** Nunha encrucillada que antano quedaba no medio do monte. Hai uns sesenta anos o concello concedeu a un veciño un anaco de monte comunal para unha casa, que construiu non moi lonxe do cruceiro. Actualmente hai dúas vivendas máis. Antes o lugar era moi concurrido, pois por aquí ía o camiño principal para Xuño, pasando por Seráns, Bazoñas, Alborredo, etc.

O terreo que circunda o cruceiro foi arranxado como xardín.

**Descrición:** Para empezar diremos que é un dos máis altos que coñecemos, pois dende o basamento ata o remate da cruz supera os 5'30 m. (Lám. IV).



Lám. IV: Cruceiro do Viso.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



A basa conta con dous banzos, da que arrinca o voluminoso fuste, de sesenta cm. de ancho e 2'20 m. de alto. A basa é semellante á do de Espiñeirido, de pouca altura, o mesmo que o capitel, co que fai xogo. O fuste, formado por varias pedras, é de sección octogonal.

A capela é sinxela, co teito redondeado, e por dentro a *bóveda* imitando unha cuncha (aveneirada). Tanto o lintel como as xambas teñen a aresta interior chanfrada, non só con fins estéticas, senón para dar máis luz ó interior da fornela.

A imaxe recibe a mesma denominación que a de Espiñeirido, Nosa Señora dos Remedios. Trátase dunha talla moi restaurada pois, segundo o veciño que leva vivindo de par máis de sesenta anos, durante a República foi baixada e desfeita, pero un señor do lugar xuntou os anaquiños e apegounos con cemento. No plan iconográfico pouco hai que dicir, pois trátase dunha escultura moi coñecida e repetida nos máis destes cruceiros: a Virxe sedente terma de Xesús Meniño coa man esquerda e colle na dereita unha mazá. A Nai ten coroa e veo, e o Fillo porta un libro aberto entre as mans. A talla non é de moita calidade, anque cómpre ter en conta que se trata dunha restauración na que as partes perdidas foron suplidas por cemento (Lám. V).



Lám. V: Cruceiro do Viso (Capela).

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

A cruz é de boa factura, ben traballada e con bonitos remates de floróns nos cantos. A figura do crucificado é máis pobre, con escasos rasgos anatómicos. Coidamos que toda a escultura do cruceiro pertence ó mesmo santeiro. Sobre a cabeza -algo caída cará á dereita- destaca a coroa de espiñas debaixo da que sae o longo cabelo que polos lados lle chega ata os ombreiros. Por detrás ten nimbo circular de pequenas proporcións. O pano de pureza carece de nó, rematando un extremo por debaixo do outro no fronte. Como é corrente nestes cruceiros, a imaxe non conta con ningunha parte do corpo separada da cruz, estando suxeito á mesma con tres cravos, co pé dereito sobre o esquerdo.

Na cartela que coroa o conxunto aínda se notan gravadas na pedra as consabidas letras do INRI.

Conserva restos de policromía pois, aunque ultimamente estivo todo el pintado de branco -agás a imaxe da capeliña-, antes tiña varias cores. A Virxe e o Meniño Xesús seguen de azul claro.

Como xa se dixo, mide 5'30 m. de altura, sendo polo de agora o cruceiro de capela máis alto de cantos coñecemos.

Para restituílo ó estado primitivo cómpre retirar-la porta de madeira con vidro da capela, pero nesta zona son poucos os que non a teñen, aunque a súa protección contra posibles roubos sexa nula.

**Historia:** Carece de inscrición. Garda certa semellanza co de Espiñeirido, polo que poidera ser do mesmo santeiro ou taller, que traballaba a finais do século XVI e comezos do XVII, estilísticamente do círculo artístico de Xoán de Vilasó -**O Vello**-, que labrou o de Teaño o ano 1589.

Nada se sabe verbo do artista, nin tampouco de quen lle pagou. Caben dúas posibilidades: que o mandase erguer unha soa familia (mesmo con fins *sociais* de amosa-la súa riqueza e importancia), ou varios veciños da aldea que queda máis preto.

**Tradicións:** A importancia que tivo a nivel popular queda patente no feito de que era arredor del onde enterraban os fetos humanos ou mesmo aqueles meniños que nacían mortos ou non chegaban a ser bautizados. Non sabemos se serían os de toda a parroquia de Olveira ou só os das aldeas do arredor.

O que agora é xardín foi durante séculos cemiterio. Un informante que pasa dos oitenta anos e leva vivindo sesenta a poucos metros do cruceiro, refiríunos que cando el fixo a casa aínda non se perdera de todo este vello costume, que tamén está rexistrado noutros de varal e de capela. Víanos enterrar pola noite para que os veciños non soubesen quen eran os pais. **Máis**

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

**dunha vez -di textualmente- chameilles a atención a algúns, pois deixábanos pouco enterrados e despois viñan os cans e desenterrábanos e comíanos. Había algúns que non o facían de noite, e mesmo lle poñían unha pedra por enriba, como se fose unha lápida do cemiterio. Varias destas pedras aínda as retirei eu non hai moitos anos para facer un muro. Na República deixouse de facer, porque o prohibiron as autoridades, tendo que ser enterrados todos no cemiterio. Despois foise perdendo, e agora xa hai moitos anos que ninguén o fai.**

A Nosa Señora dos Remedios segue contando con moitos devotos, pois é raro o día que ós seus pés non arde algún cirio, que viñeron a substituír ós faroles de aceite de antano. Como o cruceiro é moi alto, de par sempre hai unha esqueira para que os devotos poidan chegar ata a fornela. Din que é moi avogosa das enfermidades *dos osos* e, en xeral, de tódalas doenzas.

Algúns anos fixéronlle festa. O noso informante lémbrese de que a música sempre corría a cargo dun gaiteiro.

## PARROQUIA DE SANTA UXIA DA RIBEIRA

### 4) CRUCEIRO DO CASTELO


**Situación:** Achase no mesmo núcleo urbano de Ribeira, nunha rúa situada non moi lonxe do porto.

**Descrición:** O basamento consta de tres banzos de regular altura e de maior a menor, como é normal en tódolos cruceiros, sexan de capela ou de varal. Os que daban cara á estrada foron cortados hai uns anos, para deixar paso ós peatóns pola beirarrúa (Lám. VI).


Sobre o último aséntase a basa cúbica, de unha única peza. Segue o fuste non moi alto, oitavado, formado por catro bloques de unha pedra cada un, agás o terceiro empezando por abaixo que ten dúas que se unen no fronte.

O mesmo que os do Viso e Espiñeirido, o capitel é moi baixo, sobre o que se asenta a fornela, formada por catro pedras: unha por detrás, dúas laterais e a que fai de tellado (redondeado) e bóveda (aveneirada). A imaxe da Virxe -que segundo unha cartela de mármore posta na basa en 1867 é a **Virgen de la Salud**-, artisticamente é unha das mellores do concello. Pertence á iconografía tradicional propia destes monumentos marianos: longos cabelos que lle chegan deica ós ombreiros, cubertos co veo ou manto e, sobre el, unha traballada coroa de raíña. Na man dereita colle a simbólica mazá e coa esquerda terma do Meniño Xesús que ten nas mans unha bola -o globo

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.



Lám. VII: Cruceiro do Castelo (Capela).



Lám. VI: Cruceiro do Castelo.

terráqueo-. A vestimenta está ben acabada, con abundantes dobras. (Lám. VII).

Non hai dúbida que o Crucificado é de distinta man, menos experta na arte de labra-la pedra. A cruz sae do medio do tellado da capela. É de sección cadrangular coas arestas rebaixadas e cos extremos rematados en sinxelo adorno que quere semella-lo das cruces ancoradas, agás o superior que falta. A imaxe carece dos máis elementais rasgos anatómicos, e mesmo os da face son moi sinxelos e primitivos. Ten ben marcada a coroa de espiñas sobre o longo cabelo que lle pasa dos ombreiros, coa cabeza un case nada caendo cada á dereita e por detrás o nimbo cunha cruz inscrita. O pano de pureza anóase á dereita. Está suxeito á cruz con tres cravos, apoiando o pé dereito sobre o esquerdo, quedando só exento nos xionllos.

Mide contando tamén os banzos, 4'65 m.

**Historia:** Carece de inscrición. A única que ten actualmente é a da cartela de mármore da que xa se falou, apoiada sobre a basa: **Virgen de la Salud, 1867**. Por decontado que non se trata da data de construción, anque pode se-la de algún arranxo ou mesmo restauración.

Estilísticamente pertence ó grupo que denominaremos de *Teaño*, por se-lo desta aldea de Boiro o único datado e de autor coñecido (1589), que se labraron a finais do século XVI e comezos do XVII.

**Tradicións:** A fe que amosan os veciños por esta imaxe da Virxe da Saúde queda manifesta no feito de que conta cunha bombilla acesa día e noite dentro da capela, que veu a substituir ó tradicional farol de aceite. A veces, mesmo de par da bombilla hai algún cirio. Tampouco soen falta-las flores naturais os máis dos días do ano. Do fuste pendúrase un peto no que recollen as esmolos dos devotos, coas que se paga algún acto relixioso ou mesmo se axuda para a festa que na honra da Virxe da Saúde se celebra na vila.

##### 5) CRUCEIRO DOS REMEDIOS

**Situación:** Atópase no lugar do Deán Pequeno. Debido ás obras de mellora da casa que hai por detrás, quedáronlle ocultos os banzos, que eran -segundo información dos veciños- dous. Preto hai unha encrucillada, agora moi cambiada por mor de que os camiños antigos foron convertidos en estradas.

Actualmente non é este o lugar máis idóneo. Cómpre chegar a un acordo cos veciños para trasladalo a outra parte do mesmo barrio, pero onde luza máis.

**Descrición:** Estamos ante unha peza única entre os cruceiros de capela

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

do concello de Santa Uxía da Ribeira. A diferenza radica no capitel e na forma da capela, semellante ás dos de Rois e Rianxo, por exemplo (Lám. VIII).

Xa se dixo que actualmente debido a que foi subido o solo e cuberto con cemento non se lle ven os banzos, que eran dous, anque tampouco faltou quen dixese tres. O fuste é de sección cadrangular coas arestas rebaixadas, agás nos comezos e nos remates. Está formado por catro bloques de pedra.

Segue o capitel, troncopiramidal invertido de catro caras, a do fronte cunha cabeza de anxo con aas, caso único entre os cruceiros de capela que se conservan actualmente neste concello. Sobre el aséntase a capela, non moi grande, formada por catro pedras: as laterais, a de atrás e a que fai de tellado. Esta última por dentro é plana, anque ten uns riscos -non moi marcados- imitando unha bóveda de arestas coa clave no medio. Polo exterior é de forma piramidal, a normal noutras zonas. Dentro acóllese a imaxe da Virxe dos Remedios, moi sinxela e de escasísimo valor artístico, tanto é así que máis semella un home que unha muller. Terma do Neno Xesús coa man esquerda. Foi policromada de novo recentemente.

Segue a cruz, de sección cadrangular coas arestas chanfradas, agás nos tres remates. A talla de Cristo tamén é sinxela e de feitura tradicional: coa



Lám. VIII: Cruceiro dos Remedios.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

cabeza caída cara a dereita, na que salienta a coroa de espiñas e o abundante cabelo, e por detrás o nimbo circular. As faccións están ben marcadas, con barba. No resto do corpo os rasgos anatómicos son escasos, como é normal en xeral neste tipo de esculturas. O pano de pureza carece de nó. Non conta con ningunha parte exenta, e suxétase a cruz con tres cravos, co pé dereito sobre o esquerdo. O conxunto remata co INRI. Igual que a imaxe da Virxe, a de Cristo tamén foi policromada hai pouco tempo.

Sen ter en conta o basamento, que agora está oculto, mide 3'90 m.

**Historia:** No exterior do lado dereito da capela hai a seguinte inscrición:

**ISOLO AN  
DRES GO  
MES FDO  
1646.**

O texto está claro agás a abreviatura **FDO**, pois admite dúas interpretacións: a) que diga **FALLECIDO**, ou b) que sexa un apelido abreviado.

Se se trata do primeiro -persoalmente é do que somos partidarios-, poidera mandalo construír e que ó falecer os familiares lle gravasen a inscrición; ou que mesmo o erguesen os herdeiros despois de morrer. Se é un apelido abreviado, entón non hai ningunha dúbida: data de 1646.

Anos arriba, anos abaixo, o cruceiro de capela dos Remedios do Deán Pequeno, é do segundo cuarto do século XVII.

Nada sabemos do canteiro que o labrou.

**Tradicións:** A Virxe dos Remedios disfruta de grande devoción na zona e, en particular, entre os veciños deste lugar. Tanto é así, que a pouca distancia deste cruceiro ergueron non hai moitos anos unha capela baixo a súa advocación. O farol que ten diante, espetado entre o fuste e o capitel, poucos días bota apagado. Son, sobre todo, as mulleres, fillas ou noivas dos mariñeiros as que o manteñen aceso; ás veces, mesmo por indicación deles, que se ofrecen á Virxe cando no mar se achan en perigo. Actualmente en vez de lle dar aceite déixanlle cirios.

Como veu sendo de costume en toda Galicia ata que se empezaron a levarlos cadaleitos en coche, diante paraban cos defuntos, mentres os cregos botaban algúns responsos.

#### 6) CRUCEIRO DE SANTA CLARA

**Situación:** Nunha encrucillada do lugar do Deán Grande. Os antigos camiños foron transformados en estradas.

**Descrición:** O basamento é pobre se o comparamos co dos demáis,

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

consta de tres banzos pequenos -irregulares-, de maior a menor, sobre os que se asenta a basa, de forma cúbica. O fuste, oitavado, está formado por varios bloques. Aproximadamente no medio hai un peto para as esmolas perforado na mesma pedra, con porta de ferro (Lám. IX).

O capitel non ten máis que uns poucos centímetros de grosor, sobre o que se asenta a capela, de non moi grandes proporcións, co teito redondeado, o mesmo que o lintel da porta. Aínda que na soleira figura escrito **Sta. Clara**, a iconografía da imaxe que se acha dentro non ten nada que ver coa desta santa, pois é a tradicional dos demais cruceiros de capela do concello: a Virxe María co Neno Xesús no colo, e cunha mazá na man dereita. Coidamos que se trate dunha advocación popular recente, que xurdeu co gallo da construción da igrexa de Santa Clara, emprazada non lonxe do cruceiro. A talla é moi pobre, de escasísimo valor artístico. Hai un veciño que se encarga de pintala de cando en vez (Lám. X).

A cruz carece de figura. Non hai dúbida que é moderna, pois non se axusta á tradicional destes monumentos. E de sección cadrangular coas arestas rebaxadas agás nos cabos, e raios nos ángulos.

Mide dende o solo 4'20 m.

**Historia:** Aínda se aprecian algunhas letras da inscrición, pero no seu conxunto é indescifrábel. Seguro que non ten data, que sería para nós o máis importante.


Trátase dunha obra relativamente recente, quizais o máis novo dos cruceiros de capela do concello de Ribeira. Si é certo que poido sufrir varios arranxos (coma a cruz, por exemplo), pero aínda así temos case por seguro que data de finais do século XVIII ou xa comezos do XIX.

**Tradicións:** Xa dixemos máis dunha vez, que tódolos cruceiros de capela deste concello non perderon a importancia relixiosa herdada de antano.


No seu farol agora non arde aceite, pero nunca lle falta algún cirio que ofrecen os veciños, o mesmo que flores dentro da capeliña. As esmolas recóllense no peto que hai no fuste, coas que logo se fai algún acto relixioso ou se entregan sen máis ó párroco. As mulleres, as fillas e as noivas dos mariñeiros seguen sendo as súas devotas.

Cando se levaban os defuntos a ombros, diante deste cruceiro sempre se facía unha parada, para rezar un responso.





Lám. X: Cruceiro de Santa Clara (Capela).



Lám. IX: Cruceiro de Santa Clara.

## CONCLUSIONS

Non é grande o número de cruceiros de capela existentes hoxe en día no concello de Ribeira. Como se dixo ó comezo, vén a se-lo 19'35% do total dos que hai.

Pero teñen algo moi especial que xa se perdeu noutros concellos lindeiros, que é o de que para os máis dos veciños seguen vivos, é dicir, aínda son obxecto de culto e veneración, feito que cada vez é menos corrente: rézanlle ó pasar por diante, préndenlle o faroliño ou déixanlle ardendo un cirio, botan unha esmola no peto, pónenlle flores e, por último, varios seguen contando con un encargado de pintalos e coidalos.

A pesar de que estamos nun concello no que un elevado tanto por cento dos habitantes viven do mar, non sabemos de ningún caso en que movesen a imaxe da Virxe, poñéndoa os días de treboada ou de moito perigo cara ó rumbo que han de trae-los mariñeiros. Isto tradicionalmente facíano as mulleres, as fillas e mesmo as noivas, e está rexistrado en varios cruceiros de capela, que son os únicos nos que é posible move-la imaxe. No **Cuestionario del Folk-lore Gallego** publicado en 1885, a cuestión 198 refírese a esta práctica relixiosa agora esquencida.

Pouco se pode dicir verbo de estado de conservación que, en xeral, é moi bo no que se refire en particular a este tipo de cruceiros. O único que precisa de certa atención é o dos Remedios do Deán Pequeno, pero non por que estea abandonado, nin moito menos, pois hai un veciño que se encarga de arranxalo e de pintalo, senón porque cómpre procurarlle un novo emprazamento, coa fin de que quede á vista todo o conxunto.

Non estaría mal retirarlle a porta a todos. Si é certo que protexe á imaxe das inclemencias do tempo, sobre todo cando está policromada, pero non hai dúbida que lle resta beleza. Trátase dunha moda relativamente recente. Diferente é o caso dos que teñen unha reixa, que pode ser moi antiga, mesmo de cando se construeu. As portiñas non serven de protección para os ladróns de antigüidades.

Actualmente en ningún se venera a Nosa Señora de Loreto e, se é que o foi nun principio, agora ninguén se lembra dela, por iso non facemos uso da denominación de *cruceiros de Loreto* que tamén lle dá Castelao, por parecernos impropia<sup>3</sup>. Preferimos a de cruceiros de capela ou capeliña coa fin

---

<sup>3</sup> CASTELAO: *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1949, p. 175.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.

de diferenciarlos dos de varal, xa que a nivel popular ámbolos dous tipos reciben única e exclusivamente a denominación de *cruceiro*.

Non queremos remata-las conclusións sen deixar constancia dun feito histórico que poidera se-la orixe de varios destes monumentos marianos, en particular dos do concello que nos ocupa e mesmo dos lindeiros: os peores anos desta zona foron os da segunda metade do século XVI, pois ás rapiñas dos piratas que asolaban as terras costeiras xungiuse a peste bubónica que dezmozou considerablemente a poboación. O espallamento da advocación da Nosa Señora (ou Madre) dos Remedios, avogosa de tódolos males, poidera datar destes anos que, cronolóxicamente, corresponden á construción destes cruceiros, a non se-lo *dos Remedios* do Deán Pequeno (c. 1646) e o de Santa Clara.

**Continuará:**

Cruceiros de capela dos concellos de Ames e Brión.

## BIBLIOGRAFIA

CASTELAO: *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1949.

GARCIA BAYON, C.: *Ribeira (Riveira)*, **Gran Enciclopedia Gallega**, t. 26.

GONZALEZ PEREZ, C.: *Os cruceiros de capela, I. Concello de Rois*, **Cuadernos de Estudios Gallegos**, núms. 103 (1989) e 104 (1990).

GONZALEZ PEREZ, C.: *Un cruceiro ben documentado: o de Teaño (Boiro, A Coruña)*, **Museo de Pontevedra** (no prelo).

MARTINEZ, R. / TORRES REINO, J. M<sup>º</sup>: *Cruces, cruceiros e petos de ánimas do concello de Ribeira, IV Coloquio galaico-miñoto* (resume das comunicacións presentadas), t. II, Lugo, 1990, pp. 27-31.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XL, Fascículo 105, Santiago 1992.